

# FILOTECNOCENCIA: KENNEDY, ¿AÍNDA VIVO?

José Manuel Facal Díaz

I.E.S. Campo de San Alberto de Noia

## ÍNDICE

<i>I) INTRODUCCIÓN</i> .....	2
<i>I. 1</i> O contexto político e económico dos anos 60 nos EEUU.....	2
<i>I. 2</i> O magnicidio. ....	3
<i>I. 3</i> Algunhas preguntas sen fácil resposta .....	3
<i>II) TECNOCENCIA OU CIENCIOTECNOLOXÍA: PROBAS E TEORÍAS</i> .....	4
<i>II. 1</i> As imaxes do magnicidio .....	4
<i>II.1.A)</i> As fotografías de Mary Moorman e Life .....	4
<i>II.1.B)</i> O filme de Abraham Zapruder .....	5
<i>II. 2</i> Armas e Balas.....	6
<i>II.2.A)</i> Traxectoria das balas .....	6
<i>II.2.B)</i> Análise das balas por Activación de Neutróns .....	7
<i>II.2.C)</i> Os fusiles .....	7
<i>II.2.D)</i> A Proba da Parafina e as pegadas dactilares .....	8
<i>II. 3</i> A proba sonora atopada nos anos 70.....	8
<i>II. 4</i> A Autopsia.....	8
<i>II. 5</i> Os autores .....	9
<i>II.5.A)</i> O inculpado Lee Harvey Oswald .....	9
<i>II.5.B)</i> Os sospeitosos .....	9
<i>II. 6</i> As distintas Teorías..... <b>¡Error! Marcador no definido.</b>	
<i>III) FILOSOFÍA</i> .....	9
<i>IV) FILOTECNOCENCIA</i> .....	11
<i>IV. 1</i> Análise das Teorías á luz das probas e das interpretacións .....	12
<i>IV. 2</i> QUEN E POR QUE .....	14
<i>V) BIBLIOGRAFÍA</i> .....	15

# I) INTRODUCCIÓN

**A excesiva seguridade nun mesmo conduce ó fanatismo, pero a ausencia de confianza só pode levar á estupidez.**

*Josep P. All, Autobiografía*

*A idea central de facer unha Unidade Didáctica Interdisciplinaria baséase en que un asasinato implica historia, conceptos, ideas, probas e teorías que afectan a varias disciplinas. Xusto o que nós ensinamos. Cada un dos seguintes apartados pode servir para poñer como exemplo introductorio nas clases.*

## **I. I O CONTEXTO POLÍTICO E ECONÓMICO DOS ANOS 60 NOS EEUU**

**ESTE APARTADO SERVE PARA INTRODUCIR: Historia Contemporánea, así como á Ciencia e Tecnoloxía dos últimos anos.**

*Durante as décadas dos 50-60, a vida política dos EEUU caracterizábase, entre outros, polos seguintes acontecementos<sup>1 A</sup>: Os Dereitos Civís das minorías, a Guerra Fría, a Crise dos Mísiles fronte a Nikita Jruschov, a invasión de Bahía Cochinos, o Muro de Berlín e a Guerra do Vietnam<sup>2 B</sup>.*

*Neste contexto accedeu á presidencia John Fitzgerald Kennedy, cun dos marxes de votos<sup>3 A</sup> máis pequenos da historia e dun xeito non moi claro<sup>4 C</sup>. Ademais, a vida privada tamén foi obxecto de notables especulacións sobre, amantes, cabarets, un matrimonio segredo,...*

*Como consecuencia do asasinato o vicepresidente Lyndon B. Johnson accedeu á presidencia do goberno dos EEUU.*

<sup>1</sup> E desde logo algúns máis, pero segredo, como as operacións para matar a Fidel Castro (Mangosta de 1961 ou Amlash de 1963), onde traballarían xuntos os exiliados cubanos e a mafia. Ou a deposición de Cheddy Jagan por Burnham na Guayana británica.

<sup>2</sup> Kennedy foi un presidente equilibrado, pero gran parte da mitoloxía que existe sobre él basease en que foi ou ía ser un xenio resolvendo todos estes problemas; non obstante, a verdade é que non fixo case nada por solucionarlos. Entre outras cousas, a Tese do Asasino Solitario axudaba a crer no soño de que todos os mortos de Vietnam, por exemplo, nunca o serían de estar Kennedy no poder. Pero polos estudos históricos parece que non podería cambiar a súa política nese contexto, como tampouco o poideron facer Jonson ou Nixon.


<sup>3</sup> O escrutinio do 8 de novembro de 1960, sobre 68.830.855 sufraxios emitidos, Kennedy sacou 34.221.349 votos (49.71%), Nixon 34.108.546 (49,55%), Byrd 609.870 votos e outros once candidatos repártense 215.140 votos.

<sup>4</sup> Seu pai, Joseph P. Kennedy, fixo un pacto con gánster Sam Giancana e o sindicato do crime de Chicago, a fin de que gañase en Illinois (onde ó final gañou por uns 9.000 votos) e con fortes acusacións en once estados de fraude electoral, (esto último máis ou menos como nas últimas que tivemos ocasión de contemplar alí).

## I. 2 O MAGNICIDIO.

### O suceso, o feito como motor da ciencia

*Hai exactamente corenta anos, o 22 de novembro de 1963, as 12.30h foi asasinado o presidente John Fitzgerald Kennedy na Praza Dealey da cidade de Dallas, en Texas. Os detalles sobre o magnicidio e a solución inicial, a Teoría do Asasino Solitario<sup>D M</sup>, son aínda hoxe obxecto de*



*especulación, pero xa desde os primeiros meses pensouse nunha conspiración<sup>E</sup>, sobre todo a xulgar polas diferentes investigacións abertas e o confuso de moitas das testemuñas.*

## I. 3 ALGUNHAS PREGUNTAS SEN FÁCIL RESPSTA<sup>N</sup>

### A Ciencia como resposta a moitas preguntas

*Oswald obtivo visado para a URSS nun día, e tamén sacou a súa dona da URSS e meteuna nos EEUU con facilidade, en plena Guerra Fría; un armeiro montoulle a un cliente chamado Oswald unha mira telescópica de tres parafusos, pero a que se encontrou só tiña dous; o FBI non vixiou a Oswald perante o asasinato, a pesares de saber del; Oswald non conseguiu matar o xeneral ultraconservador Edwin Walker, un branco inmóbil a uns metros e fíxoo con Kennedy a 100m e en movemento (por outra banda, só se sabe desto polo testemuña da súa dona, Marina); un paquete de cigarros estaba no Depósito de Libros, pero Oswald non fumaba; Oswald foi a súa casa tras o crime, en lugar de fuxir; Oswald e Ruby non se coñecían, pero eran veciños e tiñan os apartados de correos case xuntos; o Xefe da Policía, Decker, deu orde de alerta 5 min antes do primeiro disparo; a descrición de Oswald como asasino do policía Tippit deuse por radio as 12.43h, pero foi asasinado preto das 13h<sup>5</sup>; os interrogatorios de*

<sup>5</sup> Esta pregunta fíxoala Bertrand Russell.

*Oswald duraron dous días, pero non existen notas das preguntas ou as respostas; o cerebro do presidente desapareceu, e sería unha proba única para ver a traxectoria das balas<sup>6</sup>; Jack Ruby entrou sen problemas no edificio da policía xusto cando Oswald ía ser trasladado.*

*Moitas destas cuestións esperan resposta.*

## **II) TECNOCIENCIA OU CIENCIOTECNOLOXÍA: PROBAS**

### **II. 1 AS IMAXES DO MAGNICIDIO**

#### Fotografía, cine, introducción ás técnicas de exploración de imaxes por ordenador

##### **II.1.A) As fotografías de Mary Moorman e Life**




*Pódese pensar que unha fotografía é unha proba inequívoca dun feito. Non obstante, nestas fotografías caben diversas interpretacións.*

*Un exemplo témolo na foto Moorman. Os expertos din que tras unhas cantas ampliacións podemos ver a “O Home Insignia”: un policía rodeado do fogonazo dun disparo<sup>7</sup>.*

*Outro exemplo témolo na famosa portada da revista Life. Nesta falsa foto pódese observar o diferente xogo de sombras que caen sobre a cara e os pes de Lee Harvey Oswald, dando a impresión de que é unha montaxe onde superpuxeron a cara sobre o corpo doutra persoa<sup>E 0</sup>.*

<sup>6</sup> Hai ata catro ideas diferentes sobre como a bala poido entrar no cerebro.

<sup>7</sup> Non obstante, non queda claro que do análise da primeira foto se poda sacar como conclusión de que hai unha persoa na segunda delas, e moito menos un policía da terceira. Cando presentei ós meus alumnos a foto, ningún vío nada; cando lles presentei a segunda, nada; a terceira foi, por suposto, identificable.



### **II.1.B) O filme de Abraham Zapruder**

#### **Velocidade, desprazamento, Cinemática**

*Neste filme, rodado polo afeccionado Abraham Zapruder pódese ver en tempo real os disparos ó Presidente Kennedy e ó gobernador Connally<sup>E</sup>. Dado que os fotogramas discorrían a 18,3fot/s, isto permitía comprobar os acontecementos dos 5,6s que durou o magnicidio.*

*De novo parece evidente que o presidente e o gobernador foron feridos en diferentes instantes, pero as análises realizadas do mesmo dan lugar de novo a varias interpretacións<sup>8</sup>.*


## **II. 2 ARMAS E BALAS**

### **II.2.A) Traxectoria das balas**

Traxectoria e desprazamento, Momento Lineal, Momento Angular, Enerxía Cinética, capacidade de penetración, Materiais, Resistencia dos tecidos humanos

*A traxectoria da Bala Máxica<sup>9</sup> pódese ver nestas figuras.*

*Parece que a traxectoria viola varias Leis Físicas e o sentido común, pero as persoas que defenden a Teoría do Asasino Solitario establecen que si Kennedy estivese inclinado cara a adiante e un pouco máis á dereita dun Connally medio ladeado, a Bala Máxica ben puidera pasar por entre eles sen facer tantas piruetas<sup>10</sup> D.*



*Outro aspecto salientable para explicar nas clases pode ser a Enerxía Cinética que ten a bala e a súa capacidade de penetración. Por exemplo, un Máuser 1892 - á 45 m perfora 30 plantas de Pino, e un Manlicher 1888 á 100 m atravesa 80 cm de Pino<sup>F</sup>.*

<sup>8</sup> Por exemplo, dado que Kennedy lévase as mans á gorxa e nese mesmo fotograma Connally está incrivelmente relaxado cando xa ten unha bala no corpo, houbo patólogos que dixeron que "Connally amosaba unha reacción retardada ó impacto".

Outro exemplo pode indicar a dificultade da análise nunha autopsia. A ferida da gorxa é de entrada no hospital de Parkland (Dallas) e de saída en Bethesda, (Maryland, Washington DC). As cousas non deberon ser doadas de investigar.

<sup>9</sup> "La bala entra por la espalda del presidente, sigue hacia abajo con un ángulo de 17°, sube hacia arriba, sale el cuerpo de Kennedy por el centro del cuello y continúa hasta el cuerpo de Connally, a quién impactó en la parte trasera de la axila derecha. Luego volvió a salir en un ángulo de 27°, destrozó la quinta costilla de Connally y volvió a salir por lado derecho de su pecho, entró en la muñeca derecha destrozándole el hueso y entró finalmente en su muslo izquierdo, donde apareció en perfectas condiciones<sup>O</sup>". Non está mal: catro feridas a Connally e dúas a Kennedy cunha soa bala, que logo apareceu case intacta. A Maxia é algo moito máis sinxelo, se se me permite unha opinión persoal.

<sup>10</sup> Algo que desde logo cae fora do sentidinho común, porque dubido seriamente que os políticos chegaran ó acordo de poñerse nesa única posición posible para que a bala entrase así.

## **II.2.B) Análise das balas por Activación de Neutróns Radiación, Física Nuclear, Materiais, Control de Calidade**

*A tecnoloxía de Activación de Neutróns basease no uso de neutróns acelerados nun reactor nuclear para facelos incidir nunha mostra. Algúns dos átomos transfórmanse en isótopos concretos que emiten unha enerxía característica de cada un e serve para identificalos, debido a que a concentración depende da intensidade dos Raios Gamma emitidos, e sobre mostras moi pequenas detecta partes por billón.*

*Entre as súas aplicacións serviu para coñecer a procedencia xeográfica exacta dos metais usados para fabricar utensilios atopados en lugares arqueolóxicos.*

*Neste caso utilizouse para comparar a bala recollida na padiola do hospital coas outras. Se a composición desta bala fose distinta da das outras, sería unha proba clara dunha conspiración; non obstante, as composicións eran as mesmas e polo tanto non invalida a Teoría do Asasino Solitario. Algunhas persoas cren que apoia a dita teoría, pero isto é unha cuestión moi discutible<sup>11 15 G</sup>.*

## **II.2.C) Os fusiles Velocidade dos proxectís, Momento Lineal, Tecnoloxía Militar, Guerras e as súas razóns, Probabilidade de morrer dunha persoa**

*O Mannlicher-Carcano (modelo 91-38, 6,5mm) é un fusil italiano da II Guerra Mundial, bastante impreciso e, por riba, coa mira telescópica desaxustada. A un tirador experto fanlle falta 2,3s para cargar a arma, e despois apuntar a un obxectivo en movemento. De acordo co filme de Zapruder non é posible que un só tirador disparara as balas que feriron a Kennedy e a Connally, porque para facelo tería que disparar mais rápido do que lóxicamente permite a arma.*

<sup>11</sup> Paga a pena repasar aquí o Paradoxo dos Corvos, de Carl Hempel. Se hai moitos corvos negros, cada vez que atopemos un corvo negro asegurariámos o modelo de que “todos os corvos son negros”; sen embargo, se aparece un branco o modelo viríase abaixo. Aplicado aquí, parece claro que se a bala fose de diferente composición, a Teoría do Asasino Solitario caería pola base. Agora ben, si houbo varios conspiradores e unha soa caixa de balas, todas terían a mesma composición, polo que ¿reforza este experimento a teoría? Segundo Popper, non.

*Por outra banda, un axudante do sherif<sup>12</sup> que descubreu a arma declarou que era un fusil Mauser 7,65, desde logo moito máis preciso que o outro, pero ó final pasou á historia o Mannlicher, o que quere dicir...*

**II.2.D) A Proba da Parafina e as pegadas dactilares**  
Concepto do que é unha Proba Científica, Reaccións químicas de Combustión, Bancos de Datos das persoas

*Unha das probas máis importantes que se lle fixeron a Oswald foi a Proba da Parafina, que demostra se unha persoa disparou unha arma. Baséase nos restos de nitritos e nitratos procedentes do disparo dun arma que quedan na cara tras o disparo do fusil<sup>13</sup>. Tal proba deu negativa, o que implica que nese intre Oswald non disparara a arma.*

*Así mesmo, na primeira das inspeccións tampouco se atoparon pegadas dactilares no rifle. Apareceron tempo despois, o que significa...*

**II. 3 A PROBA SONORA ATOPADA NOS ANOS 70**

Unidades, Medida do Son, Eco, Física Ondulatoria, funcionamento do oído, difracción

*Na década dos 70 apareceu unha gravación dun policía motorizado dos que facía o percorrido co Presidente. Nela se escoitan catro ruídos secos, e tras a colocación de micrófonos na praza e a repetición dos disparos, os resultados coincidiron coas famosas detonacións. Entre isto e as enquisas á xente forzaron a creación dunha nova comisión que investigou de novo os feitos, concluindo que había máis dun tirador. Aínda así, non dixeron que atoparan unha conspiración, senón que o disparo feito desde o cerro perdeuse e ademais os asasinados podían ser independentes<sup>E</sup>.*

**II. 4 A AUTOPSIA**

O corpo humano, descenso de temperatura por emisión de enerxía térmica, se sufriu, debuxos esquemáticos do corpo, Raios X, análises varios

*Por regra xeral, unha autopsia ten como obxectivo básico o determinar as causas da morte dunha persoa. No caso de Kennedy non*

<sup>12</sup> O axudante, Roger Craig, sufriu un atentado e se foi a Nova Orleáns; volveu a Dallas e o seu automóvil explotou, aínda que sobreviveu; logo apareceu morto dun disparo, e declararon que se suicidara<sup>O</sup>. Isto foi a norma con moitas das testemuñas que declararon en contra da tese do Asasino Solitario. En particular, 3 morreron de ataques cardíacos, 1 dun golpe de karate, 6 por disparos, 3 en accidente de coche, 2 por causas naturais, 2 por suicidio e 1 degollado). A probabilidade de que morreran toda esta xente antes de febreiro de 1967 estímase en 1 posibilidade entre 10<sup>23</sup>.

<sup>13</sup> É de destacar que esta proba tamén dá positivo cando a persoa traballa con fertilizantes, pintura de uñas, etc. De feito, houbo acusados que resultaron inocentes.

*se puido facer peor. O cadáver saíu do hospital de Dallas ilegalmente, chegou ó de Washington perdendo o cerebro no camiño, cambiando as dimensións das feridas, a posición relativa delas e a transformación de entrada-saída doutras. Posiblemente, a peor autopsia do mundo.*

## **II. 5 OS AUTORES**

### **II.5.A) O inculpado Lee Harvey Oswald**

*A Oswald fixéronlle literalmente un traxe á medida, no senso de que forzaron as probas contra él. A pesar do que se dixo, Oswald non era bo tirador, a foto del cun rifle pode ser falsa, non era comunista máis que como pantalla e non había pegadas no fusil Mannlicher nin restos de pólvora nas súas mans.*

### **II.5.B) Os sospeitosos**

*Xa as primeiras críticas á Comisión Warren amosaban o seu carácter non imparcial porque estaban obviando moitas das evidencias presentadas, que co paso dos anos acabaron relacionando o asasinato con outras persoas e situacións<sup>14</sup>.*

## **III) FILOSOFÍA**

*Un dos problemas máis arduos da Epistemoloxía é o clarificar a bondade dunha teoría, dun modelo concreto. Unha das ideas dun sistema para discernir entre as boas e malas teorías veo dado por Popper e a noción de Falsabilidade<sup>15</sup> K, no senso de que unha teoría non se pode confirmar mediante experimentos, pero sí se pode falsear.*

*Por outra banda, a idea de que existe unha realidade “fóra de nós mesmos” é aceptada, pero a idea de que se poida coñecer é*

14 Capitán W. Fritz: Capitán de la Policía de Dallas encargado de la investigación. Tras vinte horas de interrogatorio de Oswald destruíu todas as anotacións.

Jack Ruby: Empresario de cabarés e asasino de Oswald. Conseguiu entrar no soto da Estación da Policía sen problema cando trasladaban a Oswald.

Clay Shaw: Director del Centro Mundial de Comercio en Nueva Orleans. Empresario relacionado con anticastristas e axente da CIA.

Lyndon B. Johnson: 36º Presidente de los EE.UU.

David Ferrie: Piloto, mercenario con contactos anticastristas en Nova Orleans.

George DeMohrenschild: Aristócrata de orixen ruso moi amigo de Oswald y vinculado a la CIA.

<sup>15</sup> Figura na Lóxica da Investigación Científica. Se se encontran datos que invaliden a teoría, esta é falsa. Non obstante, falsear unha teoría e bastante máis difícil do que intuitivamente se poida pensar, xa que sempre se poden axustar as constantes, cambiar algúns parámetros non esenciais, facer outras suposicións...

*considerada ás veces como unha crenza. Na miña opinión particular non é unha crenza, se ben é moi difícil de demostralo*<sup>16</sup>.

*Hai tamén outro concepto, o de que é imposible coñecelo todo porque esta idea é metacientífica. Pero, sen volver ó século XIX e facer da Ciencia un tipo de relixión, ¿por que se admitimos a existencia dun mundo exterior non admitimos que o poderemos coñecer? Se coñecer significa saber que é o mundo e non ter soamente modelos pragmáticos de cómo funciona, ¿que garantida que non se poida chegar a coñecelo a través do seu estudio?*

*En contra desta postura e a favor dun Relativismo*<sup>17</sup> <sup>K</sup> *Epistemolóxico podemos citar Feyerabend*<sup>H</sup> *ou a Kuhn*<sup>I</sup>. *Por exemplo, este autor fixo unha definición de algo confuso chamado Paradigma*<sup>18</sup>, *que dalgunha maneira intenta explicar que os resultados científicos teñen moito que ver coa cultura da que parten e, ademais, non se poden comparar porque as concepcións son distintas*<sup>19</sup>. *Outra forma de velo pode ser que non hai un Coñecemento sen Coñecedor, que a propia Ciencia pode ser unha construción social daquelas persoas que investigan e introducen as súas ideas de tal xeito que a realidade en si mesma é inconmensurable.*

*Michael Ruse*<sup>J</sup>, *dende o punto de vista da Bioloxía, tamén intenta convencernos de que as metáforas forman parte do traballo do*

<sup>16</sup> Obviamente, para coñecer o que hai fora temos que fiarnos das nosas sensacións, ou sexa, de nós mesmos. Pero isto parece razoable, aínda que sexa indemostrable. Non obstante, parece razoable crer que todos acudimos ó médico e tomamos o que este receita porque de verdade cremos que temos a enfermidade que se diagnostica, e isto implica crer en bacterias, virus, átomos e moléculas. É certo que este argumento non proba que unha cousa que funcione (curar unha enfermidade) implique que coñecemos a realidade, pero é unha suposición lóxica e, ademais non se ve claro cómo pode ser refutada.

<sup>17</sup> Poderíamos empezar por considerar o Relativismo como aquela filosofía na que se considera que a falsidade o veracidade dunha afirmación é relativa a un individuo ou grupo social.

<sup>18</sup> Son aquelas realidades que comparten dúas características esenciais: carecen suficientemente de precedentes como para ter atraído a un grupo duradeiro de partidarios e son bastante incompletas para deixar moitos problemas para ser resoltos polo relimitado grupo de científicos

<sup>19</sup> Esta tese non é doada de discutir. Por exemplo, si lle poñemos unha pantalla de ordenador fronte a un recém nacido, ¿seguro que ve un “ordenador”? Obviamente non é así, xa que o concepto de ordenador ten necesidade de outros previos. Aínda así, o feito de que non sexamos capaces de recoñecer un ordenador, ou nin sequera nomealo, non quere dicir que calquera modelo mental que fagamos sobre el sexa válido. E nin sequera que, aínda entre os válidos, teñan todos o mesmo valor.

*científico, e de que, dalgún xeito, a nosa cultura inflúe nesas metáforas<sup>20</sup>.*

*Non obstante, nun excelente traballo, Sokal<sup>K</sup> convence da posibilidade de que se pode estudar unha realidade exterior e de que o noso coñecemento é, pouco a pouco, máis grande e de mellor calidade<sup>21</sup>.*

## **IV) FILOTECNOCIENCIA**

### **Idea do significado dunha Teoría Científico-Tecnolóxica como modelización dun conxunto de datos<sup>22</sup>**

*Chegou o momento de poñer en contacto todo o aquí relatado.*

*En realidade, ¿qué ten que ver todo isto coa morte de Kennedy?.  
Moito.*

<sup>20</sup> Por exemplo, pensar nun Árbore Evolutivo é difícil sen pensar na idea de Progreso, e sostén que si se eliminan as metáforas culturais a Ciencia pararíase. Non obstante, o seu pensamento é confuso. Por unha parte di que "La Ciencia es sin duda una construcción social, y el hecho de que nos guste el producto final no la hace menos relativa". Pero logo comenta que "Aunque rechazo que la cultura introduzca necesariamente un componente de valor en la Ciencia, sí sostengo que desempeña un papel esencial. ¿Significa eso que la ciencia es poco menos que la esclava de la cultura" ¿Qué lo que vale para la cultura vale también para la ciencia? ¡En absoluto! Más que impedir la satisfacción de las normas epistémicas, la cultura las hace posibles".

<sup>21</sup> Este extremo, o de maior calidade, pode interpretarse como que nos aproximamos máis e máis á estrutura da "verdade". Non é só que saibamos máis e que os modelos sexan mellores desde o punto de vista práctico (Khun), senón que nos aproximamos á realidade. En outras palabras, a Teoría Gravitacional de Einstein é de maior calidade que a de Newton, non tanto porque prediga máis cousas senón porque é máis aproximada á Natureza. Khun, crente convencido do progreso na ciencia, non estaría de acordo con esto.

<sup>22</sup> Declaración de un presidente de una industria automovilística: "El coche que vendemos se sitúa en la intersección del Coche Ideal, del Coche Deseado por nuestros clientes y del Coche que Podemos Fabricar."

En este sentido, también la Educación que impartimos es una mezcla de estas tres educaciones.

## IV. 1 AS DISTINTAS TEORÍAS

*Vexamos un pequeno resume das diferentes teorías. Como se pode observar, son bastante distintas.*

Teorías	ASASINO ÚNICO Comisión Warren, 1964 <sup>L</sup> Gerald Posner, 1995 <sup>M</sup> John McAdams, 2003 <sup>D</sup>	CONSPIRACIÓN <sup>N</sup> Josiah Thompson, 1967	CONSPIRACIÓN <sup>O</sup> Jim Garrison <sup>O</sup> , 1969	DOUS ASASINOS, PERO SIN CONSPIRACIÓN HSCA <sup>23 E</sup> , 1978	CONSPIRACIÓN <sup>P</sup> DE MULLERES <sup>P</sup> José Facal <sup>Q</sup> , 2003
Bala número	Teoría do Tirador Único <sup>24</sup>	Teoría dos Dous tiradores <sup>25</sup>	Teoría dos Tres Tiradores <sup>26</sup>	Teoría dos Dous tiradores sen conspiración <sup>27</sup>	Teoría das Tres Mulleres Tiradoras
1	<i>Errou, JT</i>	<i>P<sup>28</sup>, costas K.</i>	<i>Señuelo ou Errou</i>	<i>Errou, JT</i>	<i>Bala ultramorosa<sup>29</sup></i>
2	<i>P, Bala Máxica<sup>9 O</sup>.</i>	<i>P, muslo C.</i>	<i>F, gorxa K</i>	<i>Bala Máxica<sup>9</sup>.</i>	
3	<i>P, Cabeza K</i>	<i>P, muñeca C.</i>	<i>P, costas K.</i>	<i>F, Errou</i>	
4		<i>P, JT</i>	<i>P, costas C.</i>	<i>P, Cabeza K</i>	
5		<i>F, Cabeza K</i>	<i>P, costas C.</i>		
6			<i>P, muñeca C.</i>		
7			<i>P, muslo C.</i>		
8			<i>P, JT</i>		
9			<i>F, Cabeza K.</i>		

## IV. 2 ANÁLISE DAS TEORÍAS Á LUZ DAS PROBAS E DAS INTERPRETACIÓNS

*Visto todo isto, ¿a quen debemos crer? ¿Quen ten a autoridade suficiente? ¿Son tódalas teorías igual de honestas ou están motivadas polo momento histórico-científico? ¿Son “unha construción social” momentánea ou, de ter tempo, atoparíamos a verdade e colleríamos ós culpables?*

*En realidade, a procura do asasino do Presidente non é, en esencia, diferente da busca que seguen outras investigacións*

<sup>23</sup> HSCA (Comité de Representantes de la Cámara para Asesinatos). Vale a pena volver a comentar que esta comisión concluíu tras a Proba Acústica que, se ben existía un segundo tirador, podía non coñecer ó outro e que despois de todo aínda era posible a inexistencia dunha conspiración.

<sup>24</sup> Un tirador no sexto piso do Depósito de Libros Escolares.

<sup>25</sup> Un tirador no Depósito e outro no cerro, fronte a comitiva.

<sup>26</sup> Un no Depósito, outro no edificio do lado e un terceiro no cerro, formando un triángulo.

<sup>27</sup> Un tirador no Depósito e outro no cerro, pero sen conspirar. Honestamente, sona risible cando non patética.

<sup>28</sup> P: Posterior, disparada desde o Depósito ou desde o edificio próximo; F: Frontal, desde o cerro.

K: Kennedy; C: Connally; JT: James Tague, ferido co rebote dunha das balas.

<sup>29</sup> Tres tiradoras no sexto piso do Depósito, e cunha única pistola e un só disparo a tres mans fixeron toda a desfeita, saltando a bala por onde debía ata darlle ó Presidente e chegar de rebote a JT, pero Kennedy saíu vivo e hoxe está escondido. As asasiñas foron tres mulleres coas que tivo unha moi profunda relación: Marilyn Monroe (co que ademais probou directamente que non morreu en agosto de 1962), Gloria Emerson e Durie Malcolm.

*científicas. Aínda que o magnicidio non se poida repetir<sup>30</sup>, existen feitos, probas, evidencias, imaxinación prospectiva e teorías. Tales teorías son diferentes, e están baseadas en datos e interpretacións. Os propios datos son discutibles para uns e outros, pero de aí non se segue que os datos dependan das teorías de forma absoluta<sup>31</sup> K.*

*A verdade científica pode non ser doada de atopar, pero desde logo parece claro que houbo un asasino, e tampouco é moi arriscado pensar que, con tempo abondo, poidamos chegar a atopalo<sup>32</sup>. Non cabe dúbida de que poderemos non atopalo nunca, pero eu penso que cada vez estamos máis próximos a descubrir ó asasino, e isto significa que non só temos máis coñecementos sobre o que aconteceu na Praza Dealey aquel día, senón que de verdade nos aproximamos máis e máis cara ós culpables, cara á “verdade”, cara o mundo exterior.*

*Por suposto, é evidente que a Comisión Warren actuou de xeito impropio, facendo unha pésima investigación. Pero outros investigadores fixeron outras, sen dúbida que mellores ademáis de diferentes. O filme de Zapruder préstase a interpretacións<sup>8</sup>, pero en canto saibamos o suficiente das “reaccións retardadas a unha bala” saberemos quen ten a razón. Noutras palabras, poderíamos coñecer se foi a mesma bala a que os feriu ós dous, poderíamos coñecer a “verdade” e unha nova teoría a explicaría máis acertadamente dacordo coa verdade.*

*Neste senso, cada nova teoría ¿é só unha forma de “explicar” a realidade mellor ou, pola contra, aumenta a “calidade” do coñecemento do crime? ¿Poderíamos crer que é unha construción social a Teoría do Asasino Solitario? ¿Cremos o mesmo no caso da Teorías da Conspiración? ¿E, xa postos, a da Conspiración de Mulleres ten igual aproximación a verdade da praza Dealey que as outras?*

*¿En serio non podemos xulgar de diferente calidade as distintas teorías en relación co mundo exterior? ¿De verdade que cada*

<sup>30</sup> Como non se pode envenenar outra vez con arsénico a Napoleón, pero así foi.

<sup>31</sup> Desde logo, a Terra non xira arredor do Sol desde Copérnico, aínda que antes así se cría. Unha cousa son os feitos e outra distinta as afirmacións que facemos deles.

*teoría ten a mesma calidade que as outras porque hai “un consenso social, un paradigma” entre a xente dunha época? ¿Podería chegar a haber un “consenso social” que dixera que Kennedy aínda está vivo, se unha comisión así o publicase? ¿Por que non, se con cada teoría nada se engade á aproximación a verdade? Pois porque non todas teñen o mesmo valor, dado que unhas se aproximan máis á realidade, e este valor é independente de nós e pódese contrastar con feitos, aínda que non sexa doado de facer.*

*Queda por dar un derradeiro paso, que é pasar do caso particular de Kennedy á Epistemoloxía, e eu penso que se pode dar sen moito medo: igual que se atopará ó asasino poderemos aproximarnos á Natureza, aínda que sexa sempre asintóticamente e que sempre se poidan mellorar as teorías por outras novas<sup>33</sup>. Neste senso, non debemos ser fanáticos, pero tampouco caer nunha falta de confianza tan enorme nos leve á estupidez de dicir que non sabemos nada de nada.*

#### **IV. 3 QUEN E POR QUE**

*Por suposto, non se pode acabar sen especular sobre quen matou (se é que nos cremos que está morto) a Kennedy. Non se sabe con total exactitude a razón ou razóns que puideron levar ó magnicidio. Algunhas delas poideran ser: Para que seguira a Guerra do Vietnam<sup>34 R</sup>; para evitar a firma dun tratado para o control das armas nucleares; porque quedara politicamente mal tralo problema de*

<sup>32</sup> Por exemplo, ata os anos 70 non se soubo, coa proba acústica e a aparición dunha cuarta bala na autopsia, da existencia dun segundo tirador, o que xerou unha nova teoría que obviamente está máis cerca da “verdade”.

<sup>33</sup> O mesmo que acontece aquí, o longo da súa historia, a Ciencia foi cambiando as teorías. Podemos poñer innumerables exemplos: Newton versus Huygens e o problema da propagación rectilínea da luz; as diferentes hipóteses de Kepler sobre os movementos planetarios; Teoría Ondulatoria versus Corpuscular, o descubrimento do neutrino e o Principio de Conservación da Enerxía (¿Foi que a Radiación Beta violaba o Principio ou ben que emitía unha enerxía que ninguén podía ver nese momento?),...

<sup>34</sup> Que Kennedy quería traer de volta ós soldados norteamericanos non parece de ningunha maneira sostible, xa que foi Kennedy o que enviou xente a Vietnam<sup>B</sup> e tamén o que dixo que “es una guerra muy importante, aunque que sea lejos<sup>A</sup>”. Ademais, cando era senador estableceu a Teoría do Dominó, no sentido de que se caía Vietnam caería todo o sueste asiático. Por outra banda, a declaración de que traería as tropas de volta no programa do periodista Walter Cronkite non estaba de acordo coa política que seguía nese intre (o que a invalida como proba<sup>B</sup>), e ademais porque de parar a guerra probablemente non sairía reelixido en aquel clima anticomunista.

*Bahía Cochinos*<sup>35</sup> ou porque se perdera a posición mundial de EEUU fronte a URSS;

*Entre os culpables, poderían estar: o goberno, que parece indubidable que tivo unha notable participación, auspiciado polo FBI, os anticastristas e a CIA*<sup>36</sup>; *Fidel Castro participou no magnicidio (segundo Lyndon Johnson); Lyndon Johnson participou no magnicidio (segundo varios autores*<sup>37</sup>); *a Mafia*<sup>37</sup>.

## V) BIBLIOGRAFÍA

<sup>A</sup> KASPI, ANDRE. Kennedy. Planeta, 1985

<sup>B</sup> KUNZ, DIANE. La Pervivencia de Camelot ¿Y si John F. Kennedy hubiera vivido?, ensaio dentro do libro Historia Virtual, ¿Qué hubiera pasado si...?. Taurus 1998. Aquí tamén critica a suposta mitoloxía en torno a Kennedy e o seu discutido impulso ós Dereitos Cívís e a imposibilidade de retirar ós soldados de Vietnam.

<sup>C</sup> HERSH, SEYMOR M. La Cara Oculta de J.F. Kennedy. Planeta 1998. A verdade é que este libro non é especialmente recomendable, fundamentalmente porque presume un pouco da súa propia investigación, e tamén afirma que Kennedy levaba un corsé desde o hombro hasta a entreperna (debido a un problema de alcoba cunha rapaza) que o mantivo erecto mentras lle disparaban en Dallas, extremo que non se cita en documentales ou libros que eu mirei.

<sup>D</sup> McADAMS, JOHN. Páxina web <http://mcadams.posc.mu.edu/home.htm>. Sobre a Teoría do Asasino Solitario. Desde logo, é interesante para ver cómo pensa alguén diferente do que pensamos moitos.

<sup>E</sup> MORENO, ANTONIO. Páxina web de introducción ó asasinato en xeral: <http://jfk.iefactory.com/menu.htm>. Moitos enlaces e un bo conxunto de datos, resolucións das comisións e teorías.

<sup>F</sup> MOLINET AMORÓS, EUGENIO. Efectos explosivos de los pequeños proyectiles sobre el cuerpo humano [http://www.infomed.sld.cu/revistas/his/cuh\\_85/cuh1485.htm](http://www.infomed.sld.cu/revistas/his/cuh_85/cuh1485.htm).

<sup>G</sup> GARDNER, MARTÍN. Paradojas ¡Ajá. Labor, 1983.

<sup>H</sup> FEYERABEND, PAUL . Contra el Método. Ariel, 1975.

<sup>I</sup> KHUN, THOMAS. La Estructura de las Revoluciones Científicas, Fondo de Cultura Económica, 1975.

<sup>J</sup> RUSE, MICHAEL. El Misterio de los Misterios, Tusquets Editores 2001.

<sup>K</sup> SOKAL, ALAN; BRICMONT, JEAN. Imposturas Intelectuales. Paidós, 1999. Excelente repaso ás teorías escépticas, e de paso unha notable crítica a autores que manexan conceptos físicos que non coñecen ben.

<sup>L</sup> COMISIÓN WARREN. Informe final do 27-sept-1964.

<sup>M</sup> POSNER, GERALD. Case Closed (Caso Cerrado). Random House, 1995.

<sup>35</sup> Non se sostén moito porque Kennedy resarciuse diante do país logo da Crise dos Mísiles, aínda que retirou secretamente os misiles norteamericanos en Turquía.

<sup>36</sup> Un exemplo podería ser o cambio da ruta do Presidente por Dallas, que fixo que o automóbil dese unha curva moi lentamente.

<sup>37</sup> Máis ben foi colaboradora. A idea máis razoable supón que, xa que lle axudou a conseguir os votos, a presión de Robert Kennedy sobre o crime organizado era excesiva.

<sup>N</sup> WALLACE, IRVING. El Complot. Grijalbo 1968. Esta teoría está baseada nun excelente libro que analiza o magnicidio: THOMPSON, JOSIAH, Six Seconds in Dallas, considerado un dos análises máis elaborados do crime. Vale a pena considerar que a suposición básica consiste en que houbo máis dun tirador, e dicir, que parece demostrar que unha soa persoa non pudo facelo, ou sexa que falseo a teoría. Popper estaría de acordo.

<sup>O</sup> GARRISON, JIM. JFK Tras la Pista de los Asesinos. Ediciones B, 1992 . Excelente narración da investigación levada a cabo por este fiscal, se ben se agarra demasiado á idea de que Kennedy sacaría ós soldados de Vietnam, e en xeral, bóttalle a culpa a que ó goberno non lle gustou a súa Política Exterior.

<sup>P</sup> Debo este nome ó filme Conspiración de Mujeres, de Peter Greenaway (Drowning by numbers, Reino Unido, 1988) .

<sup>Q</sup> FACAL, JOSÉ; FIDALGO, JESÚS; BAAMONDE, ANTÓN; PORTA, JORGE; VIÑA, JOSÉ MARÍA. Kennedy, ¿aínda vivo? (actualmente na procura de editor). Todo un exemplo de colaboración entre os autores.

<sup>R</sup> NIXON, RICHARD. No más Vietnams. Planeta,1986. Ó marxe da ideoloxía política - se esto ten sentido- este libro é unha boa historia desa época nos EEUU.

<sup>S</sup> JFK, CASO ABIERTO. Oliver Stone, filme. Baseado en gran parte no libro de Garrison<sup>O</sup>